

## **ASPECTOS XERAIS QUE AFECTAN AO FUNCIONAMENTO DO CENTRO.**

*De forma xeral, manterase unha distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo.*

O alumnado está distribuído en **grupos de convivencia estable**, que están conformados polo conxunto do alumnado do grupo-clase. *Neste ámbito non se aplican os criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo (3.1A)*

**Aula:** A distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula. A colocación modelo, e segundo o número de alumnado, é en ringleiras e columnas).

### ***Normas xerais aula ordinaria:***

*Na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, como casilleiros ou mobles, o alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as.*

*Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en contedores propios como estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome. Nas perchas o material ou roupa colocárase do xeito mais individualizado posible.*

*Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material.(15.2)*

***En todas as aulas, ao entrar e saír é obrigatoria a hixiene de mans.***

**Aulas específicas.** Evitarase o desprazamento do alumnado ás aulas de especialidade de Lingua inglesa e Educación musical.

Educación física. Sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan, a clase de Educación física realizarase no exterior ou en espazos abertos.

*O uso da máscara será obrigatorio agás que se realice no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica.*

*Na medida do posible minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans.*

*Coidarase especialmente do uso da máscara nos ximnasios ou polideportivos pechados con ventilación reducida.(16.5)*

O alumnado poderá usar tamén pantalla protectora.

Individualizarase todo o material que sexa posible por grupo estable de convivencia.

**Aseos.** Poderán establecerse franxas horarias para asistir ao aseo por cursos e grupos con guía do profesorado en cada un dos andares do edificio principal.

O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do aseo, lavar as mans con auga e xabón. Para garantir a máxima seguridade, a norma xeral será que non se usen os aseos no recreo, e que a asistencia ao aseo se continúe integrando na formación dos alumnos/as.

No caso de alumnado da etapa de infantil ou con NEE, o persoal coidador que acompañe ao alumnado ao aseo deberá portar as proteccións individuais axeitadas.(16.4)

**Merenda. A merenda realizarase de xeito individual na aula, cada alumno/a no seu sitio.**

**Recreo.** Haberá dúas quendas de recreo tanto en educación primaria como en educación infantil.

O recreo deberá realizarse no exterior se as condicións meteorolóxicas (o tempo) o permiten. Neste caso manteranse zonas específicas para cada grupo estable de convivencia. En primaria as zonas son: patio superior; pista polideportiva; patio cuberto; divididas cada unha delas en dúas partes para grupo de convivencia estable.

Educación infantil: catro zonas na 1ª quenda, e dúas zonas na 2ª quenda cando o recreo sexa no exterior.

O recreo nos días de chuvia:

Patio cuberto de infantil: dúas zonas en cada quenda (alumnado de 4º EI e alumnado de 5º EI)  
Alumnado de 6º de EI: Segundo as condicións meteorolóxicas poderá permanecer na aula e reservarse unha zona na correspondente quenda no patio cuberto de primaria.

Patio cuberto de primaria: dúas zonas en cada quenda.

Recreo en aula.

### **Entradas e saídas**

Preséntase información específica sobre este aspecto na páxina web do centro, a través de croquis coas diferentes entradas e saídas e os itinerarios do alumnado de cada curso.

Transporte escolar: Posúe normas específicas, pero instarase á colocación do alumnado respecto os grupos de convivencia e familiares.

### **Acompañantes do alumnado**

Alumnado de educación infantil 4º, 5º, 6º

Entrada e saída. Tanto na entrada como na saída as persoas acompañantes dos alumnos/as deben entrar, desprazarse e saír pola cancela correspondente.

•4º EI. Acompañarán aos alumnos/as ata a entrada do edificio, lugar tamén no que os recollerán á saída.

•5º EI. Acompañarán aos alumnos/as ata o patio cuberto á zona que lles corresponda segundo o grupo-clase (A ou B). Na mesma zona recollerán aos alumnos/as á saída.

•6º EI. Acompañarán aos alumnos/as ata a entrada do edificio principal. A saída poderán acceder a través da cancela N (escaleiras) ao patio superior ata a proximidade da entrada principal, pero unha vez que o alumnado de transporte escolar suba aos autocares.

Alumnado de educación primaria.

Entrada. Os acompañantes do alumnado de educación primaria deixarán aos alumno/as na correspondente cancela e no horario sinalado.

Cancela **W** (entrada ao patio superior) : 3º, 2º, 1º.

Cancelas **S** : 4º, 5º, 6º

O alumnado de **Madrugadores** deberá adecuarse ao horario e portas de entrada correspondentes.

Saída 1º, 2º, 3º, 4º, nos horarios establecidos, zona delimitada do patio superior, cancela **W**. Saída 5º, 6º. No exterior da porta **NEI** inferior (parque dos Tilos e entrada/saída comedor).

O acompañante do alumnado que é transportado polo servizo da Escola Infantil Meniños, adaptárase ao horario específico, e a un xeito “paralelo” e inmediatamente posterior ao transporte escolar .

**Familias con irmáns en distintos cursos**, e algún/ha deles/as en 5º ou 6º curso de primaria principalmente, ou algún caso particular: A familia contactará co equipo directivo ou co seu profesorado-titor, para que se lles achegue unha solución particular, con unha soa saída para o alumnado afectado.

### **Circulación polo interior do centro e uso de aseos**

A circulación polas escaleiras será sempre pola marxe dereita tanto en sentido ascendente como descendente.

### **Comunicación coas familias.**

Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada.

Utilizarase como medio de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro, combinado coa aplicación abalar móbil e a telefónica.

## **PREVENCIÓN E HIXIENE**

### **Uso da máscara no centro educativo.**

*O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico.*

*O uso da máscara por todo o alumnado, persoal do centro e outras persoas que accedan ao centro educativo é a medida básica de protección individual e colectiva (5.1.bis).*

*O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.*

*A obrigación contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.*

*Na etapa de Educación Infantil sempre que sexa posible usarase a máscara, porén para o profesorado e o persoal non docente que teña contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio (3.3).*

***O uso da máscara por todo o alumnado, persoal do centro e outras persoas que accedan ao centro educativo é a medida básica de protección individual e colectiva (5.1.bis).***

Deberán usar máscara os/as acompañantes do alumnado de educación infantil, así como toda persoa que acceda ao centro en calquera dos seus edificios ou ao recinto escolar .

### **Limpeza.**

Limparanse dúas veces ao día, realizándose unha delas ao longo da mañá : Aseos, aula de informática. Comedor por ser usado polo programa Madrugadores. Local específico para persoas con síntomas COVID19 despois de ter sido usado para o fin.

Outros espazos e mobiliario nos que se debe reforzar a limpeza : Espazos de uso común: entradas e accesos principais de ambos edificios, sala de profesores de infantil e do edificio principal.

### **Hixiene.**

En todas as aulas do centro haberá xel hidroalcohólico. Haberá nas entradas aos edificios do centro.

En primaria o expendedor automático está colocado no interior da aula e próximo á porta.

En infantil será o profesorado quen administre o xel ao alumnado, do mesmo xeito que se fará nas aulas de apoio educativo.

**Papeleiras ou contedores.** Todas as aulas e os aseos terán contedores con tapa accionada por pedal e con bolsa e protexidos con tapa.

*En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado. (26.3).*

**Fontes do patio.** Non se poderán usar. Cada alumno/a deberá ter a súa auga en recipiente propio.

**Medidas básicas de hixiene e protección.** (Punto 3.4 do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021)

- Correcto uso da máscara.*
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.*
- Hixiene de mans: lavado frecuente, e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída*

*ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo.*

- *A necesidade dunha hixiene correcta de mans cada vez que se use material compartido.*
- *A importancia que ten a ventilación dos espazos para evitar a transmisibilidade.*
- *Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento, prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase polo profesorado a realización unha vez sentados na aula mediante a formulación de preguntas.*
- *Habilitar dispensadores de xel hidroalcohólico na entrada e en espazos comúns.*
- *Aplicar medidas para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica atendendo ás características de cada centro.*
- *Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van o baño) ademais de medidas de educación sanitaria. Será necesario garantir a existencia de xabón e papel para secar as mans.*
- *Instalación de portapanos desbotables e dispensadores de xabón nos aseos ou de xel hidroalcohólico nos espazos comúns.*
- *Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:*
- *Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:*
- *Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre aloxándose do resto das persoas.*
- *Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer, usar os aseos ou tocar material susceptible de ser compartido.*

### **Ventilación aulas**

*Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases, sempre que sexa posible entre clases, e coas medidas de prevención de accidentes necesarias: (4.2.)*

*Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.(4.2.1)*

*Cando un profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/as de xeito consecutivo (orientador, profesor especialista, ou calquera outro) desinfectaranse as superficies usadas e ventilarase a aula ou sala polos menos 15 minutos logo de cada sesión (4.3)*

### **Outras medidas de prevención**

*A enquisa clínico-epidemiolóxica, como auto avaliación dos síntomas, que deben realizar as familias aos seus fillos de forma diaria, cada mañá antes da chegada ao centro a fin de*

*comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro. Ao centro deben comunicarlle a ausencia.*

*Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa, os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra. No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia os criterios sanitarios que rexerán asistencia a clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliaria serán os que recomende médico ou pediatra.*

*Esta enquisa clínico-epidemiolóxica, debe realizala como auto avaliación dos síntomas e tamén diariamente, todo o persoal do centro.*

### ***Equipo COVID***

*O centro educativo conta cun equipo COVID, que será referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias. O equipo estará formado pola persoa na que delegue o titular da dirección do centro, e dous membros do profesorado. Corresponde á persoa directora, ou persoa na que delegue ou a substitúa, a función coordinadora Covid e a interlocución coa administración.*

*Os centros educativos terán un centro de saúde de atención primaria de referencia onde se poida poñer en contacto coa persoa responsable do equipo Covid do centro educativo para resolver calquera dúbida ou incidencia no centro relacionado coa COVID-19.*

**NOTA:** A numeración entre paréntese fai referencia aos apartados do protocolo publicado pola consellería.